

**Acta núm. 19/2018.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 11 de decembro de 2018**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
José Pedro Cambón Fernández.  
Francisco Javier Blanco Sánchez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 11 de decembro de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 27 de novembro de 2018.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de obra menor.
- 4º.- Licenza de segregaci3n.
- 5º.- Prezos p3blicos.
- 6º.- Licenza de obra maior.
- 7º.- Rogos e preguntas.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 27 DE NOVEMBRO DE 2018.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 27 de novembro de 2018, acta núm. 18/2018.

**SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por JOSE RODRIGUEZ OSORIO, con domicilio na Urb. Agronovo 124, Os Ánxeles, na que comunica que vai reparar e impermeabilizar a terraza da súa vivenda, levantando o pavimento existente para posterior impermeabilizaci3n e colocaci3n de novo pavimento na Urb. Agronovo 124, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un 3mbito clasificado polo PXOM como solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE ANGEL CASTRO NIETO, con domicilio en Estrar 6, Os Ánxeles, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de Estrar 6, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural (NRL-1) e sitúase dentro do contorno de protección da Cruz de Estrar, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: AC-4, pero en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte recomendación:

.- A utilización dos cores recollidos na "Guía de cor e materiais de Galicia", editada pola Xunta, para as edificacións posteriores ao ano 1960: 0500-N, 0502-Y, 1005-Y10R, 0505-Y20R, 1005-Y30R, 1005-Y40R, 1000-N, 1002-Y, 1505-Y10R, 1005-Y10R, 1005-Y20R, 1505-Y30R, 1505-Y40R.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PLACIDO BOUZAS DIAZ, con domicilio en Gontade 1, Os Ánxeles, na que comunica que vai realizar unha beirarrúa perimetral á vivenda, dentro da propiedade privada en Gontade 1, Os Ánxeles.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL - 2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARIA DEL CARMEN RIVAS REY, con domicilio en Babenzo 34, Bastavales, na que comunica que vai reparar a cuberta actual dunha nave substituíndo a uralita por placas con illante, sen incrementar o volume actual da cuberta, en Babenzo 34, Bastavales.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por JAIME JORGE LIÑARES, con domicilio en Perros 17, Os Ánxeles, na que solicita licenza para realizar as seguintes obras:

.- Reformar a beirarrúa que da acceso á parcela con referencia catastral 7036418NH2473N0001PM.

.- Traslado e retranqueo do portal de acceso ao predio e ampliación da lonxitude de acceso.

.- Traslado do báculo que hai na beirarrúa.

A obra realizarase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRL-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 e sitúase dentro do contorno de protección da Aldea de Pérros, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM: AE5, pero en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal e da autorización da Axencia Galega de Infraestruturas (expediente: IF205D 2018/000079-1), de data 12/11/2018, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse a cuneta e o pavimento afectado, deixándoo nas mesmas condicións técnicas nas que se atopa actualmente, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

**CUARTO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Federico Silva Cobas, que di actuar en representación de JOSE RAMON COUSO SANMARTIN, na que solicita licenza de segregación da parcela 727 do plano de concentración parcelaria da zona de Santa María dos Ánxeles, con referencias catastrais 7645806NH2474N0001LJ e 7645806NH2474N0000KH, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra), visado núm. 935/18.

Descrición da parcela matriz:

Finca rexistral: nº 11.830, cunha superficie total de 3.180 m<sup>2</sup>.

Referencia catastral: 7645806NH2474N0000KH e 7645806NH2474N0001LJ.

Clasificación urbanística: a parcela aséntase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

.- Solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do Concello (NRL-2): 2.204 m<sup>2</sup>.

.- Solo rústico de protección agropecuaria: 976m<sup>2</sup>,

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: Amalia Vilanova Piñeiro (729).

Leste: Teresa Nimo Iglesias (725) e Dolores Nimo Iglesias (726).

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Amalia Vilanova Piñeiro (729).

Segregación pretendida:

**Parcela resto finca matriz (parcela 727-A):**

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións polo PXOM:

.- 1.214 m2 de superficie bruta en solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

.- 976 m2 en solo rústico de protección agropecuaria.

Superficie bruta: 2.190 m2.

Superficie neta: 2.027 m2.

Superficie de cesión a vias: 163 m2 (a 5,50 m. do eixo do camiño en vías entre núcleos e 4 m. do eixo do camiño en vías interiores de núcleos).

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: Amalia Vilanova Piñeiro (729).

Leste: Teresa Nimo Iglesias (725) e Dolores Nimo Iglesias (726) e parcela 727-B desta segregación.

Oeste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria e Amalia Vilanova Piñeiro (729).

**Parcela resto finca matriz (parcela 727-B):**

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación as normas para as áreas consolidadas pola edificación da zona leste do concello (NRL-2).

Superficie bruta: 990 m2.

Superficie neta: 955 m2.

Superficie de cesión a vias: 35m2 (a 5,50 m. do eixo do camiño en vías entre núcleos).

Lindes:

Norte: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Sur: parcela 727-A desta segregación.

Leste: Dolores Nimo Iglesias (726).

Oeste: parcela 727-A desta segregación.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade conceder a licenza

solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 163 m<sup>2</sup> e 35 m<sup>2</sup>, destinados a viais ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

## QUINTO.- PREZOS PÚBLICOS.

### 5.1. Prezo público pola asistencia ao curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 19/11/2018 de prezo público para a asistencia ao curso de preparación para o acceso a ciclos de FP.

Vistos o informe técnico do 19/11/2018 e o informe de intervención do 19/11/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de preparación para o acceso a ciclos de FP, de acordo coa seguinte tarifa:

.- Prezo público alumno curso.....10,00 €/mes.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

### 5.2. Prezo público pola asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 19/11/2018 de prezo público para a asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica.

Vistos o informe técnico do 19/11/2018 e o informe de intervención do 19/11/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia aos obradoiros de iniciación á robótica, de acordo coa seguinte tarifa:

- .- Prezo público 1º irmán/á.....30,00 €/obradoiro.
- .- Prezo público 2º irmán/á.....15,00 €/obradoiro.
- .- Prezo público 3º irmán/á e seguintes.....gratuíto.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

### 5.3. Prezo público pola asistencia ás actividades de Nadal.

Deuse conta dunha proposta da alcaldía de 03/12/2018 de prezo público para a asistencia ás actividades de Nadal, que se realizarán no período de vacacións escolares de Nadal.

Vistos o informe técnico do 03/12/2018 e o informe de intervención do 03/12/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade, acorda:

1º) Declarar a urxencia do presente acordo ao abeiro do disposto no artigo 126 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, polo que do acordo adoptado darase conta á Comisión Informativa de administración, economía, transparencia e participación cidadá na primeira sesión que se celebre.

2º) Fixar o prezo público pola asistencia ás actividades de Nadal, de acordo coa seguinte tarifa:

- .- Prezo público 1º irmán/á.....30,00 €
- .- Prezo público 2º irmán/á.....15,00 €
- .- Prezo público 3º irmán/á e seguintes.....gratuíto.

3º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

### SEXTO- LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jesús Morales Rodríguez, que di actuar en representación de MARIA JOSE GOMEZ SUAREZ, con domicilio en Mourentáns 34, Viceso, de solicitude de licenza para demoler varios alpendres en Mourentáns, Viceso, segundo proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/07/2018.

A parcela (referencia catastral 1374501NH2417S0001IY) emprázase dentro do ámbito do solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación (NRO-1), séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM e sitúase dentro do contorno de protección da aldea de Mourentáns, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave VE2, pero as edificacións obxecto de demolición non teñen carácter tradicional, senón que pola contra, desvirtúan o conxunto protexido, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017 non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.



A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade, conceder a licenza solicitada de demolición, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra de demolición deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Jesús Morales Rodríguez, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 09/07/2018.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, a data de expedición da licenza e prazo de execución.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

.- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

.- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

.- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.



O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,45 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González